

**CURSO 24 - 25****DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO DÍA DE CLASE, MÉRCORES 11 DE SETEMBRO****ESO, BAC, FPB E CICLOS OFERTA ORDINARIA**

Benvidos e benvidas a un novo curso no IES de Vilalonga!

Pregamos lean as presentes indicacións coa fin de evitar, na medida do posible, as incidencias o primeiro día de clase.

O alumnado permanecerá no centro durante toda a xornada lectiva, é dicir, entre as 8:30h e as 14:10h e tamén entre as 16:15h e as 17:57h no caso do alumnado de ciclos. Haberá servizo ordinario de autobuses.

Ás 8:30h, o alumnado da ESO e FPB permanecerá nos patios con profesorado de garda e atento a chamada para acceder ao Salón de Actos para a presentación co equipo directivo e os/as titores/as. Posteriormente, os/as titores/as acompañarán ao seu alumnado ás aulas correspondentes. O alumnado da ESO desenvolverá o seu horario normal a partir da 3ª hora (10:27h). O alumnado de FPB a partir de 4ª (11:19h).

O horario de presentación dos cursos é o seguinte:

CURSO	HORA	LUGAR
1º ESO A, B e C	8:30 -8:45	SALÓN DE ACTOS
2º ESO A, B e C	8:45-9:00	
3º ESO A e B	9:00-9:15	
4º ESO A, B e C	9:15-9:30	
1º e 2º FPB	9:30-9:45	



O alumnado de BAC e CICLOS deberá reunirse ás 8:30h nos arredores do patio traseiro cuberto do Edificio I. Alí será recibido por un membro do equipo directivo e os/as titores/as dos cursos, que os acompañarán ata as aulas correspondentes, onde permanecerán ata as 9:20h. A 2ª hora (9:22h), permanecerán co profesor/a que lles corresponda por horario. A presentación co equipo directivo farase a partir das 10:27h., segundo o horario da táboa seguinte. O alumnado será acompañado polo profesorado co que teña clase nese momento.

CURSO	HORA	LUGAR
1º BAC A, B	10:27 – 10:53	SALÓN DE ACTOS
1º BAC C, D e E	10:53 – 11:18	
2º BAC A e B	11:18 – 11:43	
2º BAC C e D	11:43 – 12:09	
CICLOS AUTO	12:28 – 12:53	
CICLOS ADM	12:53 – 13:18	

O alumnado deberá presentarse con material para cubrir estas primeiras horas de clase, é dicir, bolígrafos e unha libreta para anotar o que lles diga o/a titor/a ou o resto do profesorado co que teñan clase.

Recordarmos que non se poden nin empregar nin exhibir teléfonos móbiles dentro do recinto.

Bo comezo de curso!!!!